

**CONVOCATORIA DE SOLICITUDES DE CAMBIOS DE QUENDA NO GRAO EN DEREITO
2º CUADRIMESTRE
(Curso 2017-18)**

Segundo a *Normativa de cambios de quenda no Grao en Dereito da Facultade de Dereito* - aprobada pola Xunta de Facultade con data 15 de novembro de 2016- os alumnos que precisen solicitar o cambio de quenda deberán presentar unha instancia dirixida ao Sr. Decano no prazo que se indique ao efecto en cada curso académico.

Así mesmo, de conformidade coa citada *Normativa*, as solicitudes deberán presentarse “no prazo que se indique ao efecto cada curso académico, e como máximo será ata dúas semanas despois do inicio das clases”, se ben “os/as estudantes que se matriculen con posterioridade ao inicio das aulas, terán un prazo de solicitude especial que fixará o Decanato do Centro en casa curso académico”.

En cumprimento do exposto fíxanse como prazos de presentación de solicitude de cambio de quenda os dous seguintes:

- Con carácter xeral: **desde o 30 de xaneiro ata as 14 horas do 2 de febreiro de 2018.**
- Para os alumnos que se matriculen con posterioridade ao comezo das clases: desde o 19 de febreiro ata as 14 horas do 22 de febreiro de 2018.

O modelo de instancia está dispoñible na seguinte ligazón:

http://www.dereito.udc.es/images/documentos2017/SOLICITUDE_CAMBIO_DE_QUENDA_2017-18.pdf

O cambio de quenda pedirase con independencia de que, durante os cursos pasados, se obtivese ou non o cambio. A Comisión de docencia só poderá admitir as solicitudes que aleguen unha causa xustificada e, en todo caso, non se poderán conceder cambios de quenda que determinen unha perda do equilibrio de número de alumnos entre a quenda de mañá e a quenda de tarde.

As solicitudes de cambio de quenda serán resoltas pola Comisión de docencia, e a decisión será publicada no Taboleiro de anuncios e na páxina web da Facultade.

Unha primeira resolución será publicada o 5 de febreiro de 2018 e unha segunda, en relación coas posibles solicitudes restantes, o 23 de febreiro de 2018.



A Coruña, 20 de decembro de 2017